

XIV FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI

SORTEO DE PREMIOS EN METÁLICO

Con motivo da celebración da XIV FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI o día 2 de xullo de 2022, o Concello de Outeiro de Rei organiza un sorteo de 20 premios de 50 € cada un deles.

Este sorteo é unha iniciativa máis, dentro do amplo programa de eventos que contempla a celebración desta feira, coa que se pretende animar á xente a que veña a coñecer a feira premiando a realización de compras en calquera posto e promovendo paralelamente o comercio e ás empresas locais.

BASES

- PRIMEIRA.-** Neste SORTEO participan todas as persoas maiores de 18 anos que adquiran algún produto en calquera dos establecementos admitidos pola organización e instalados con motivo da celebración o día 02/07/2022 da XIV FEIRA DA ARTESANÍA DE OUTEIRO DE REI.
- SEGUNDA.-** As rifas deberán ser depositadas na urna instalada a tal efecto na caseta do Concello de Outeiro de Rei (fronte á Casa Consistorial).
Os premios consistirán en 20 premios de 50 € cada un deles.
- TERCEIRA.-** O sorteo será público e está previsto que se celebre o día da feira ás 21:30 h na citada caseta. A entrega dos premios será efectuada no lugar do sorteo polo alcalde do Concello de Outeiro de Rei ou persoa na que delegue.
- CUARTA.-** A relación de tickets premiados será difundida a través da orquestra que actúe esa noite nas festas de Santa Isabel, na web municipal e tamén será publicada no diario El Progreso o día 08/07/2022.
As persoas afortunadas que non estean presentes no momento do sorteo terán un prazo dun mes dende a celebración do mesmo para poder retirar no Concello de Outeiro de Rei o premio acadado.
- QUINTA.-** A participación neste concurso implica a plena aceptación destas bases.

